

Concellaría de Cultura, Deporte e Coñecemento.

Asunto: **CURSOS DE INICIACIÓN AO GOLF CONVOCATORIA DE CURSOS A REALIZARSE DURANTE O ANO 2018**

Por esta Concellaría préstase conformidade á convocatoria correspondente ao ano 2018 segundo o contrato vixente para a xestión, explotación e mantemento do **Campo Municipal de Golf Torre de Hércules**, co seguinte contido:

1. Aprobese a convocatoria anual dos cursos de golf correspondentes ás seguintes quendas:
 - 1.1. Primeiro trimestre: xaneiro, febreiro, e marzo de 2018
 - 1.2. Segundo trimestre: abril, maio e xuño de 2018
 - 1.3. Cursos de verán: xullo e agosto 2018
 - 1.4. Cuarto trimestre: outubro, novembro e decembro 2018
2. **Cursos, grupos, prazos previstos preinscricions, e matrículas para cada quenda:** Cursos, grupos, horarios dos grupos, e prazos relativos a datas de prestación das solicitudes, publicación de listaxes, sorteo, e matrícula, serán publicados con autorización da Xefatura de Servizo de Deportes como anexos a esta convocatoria con publicación na páxina web municipal con tempo suficiente para seu desenvolvemento.
 - 2.1. A matrícula formalizarase no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules mediante o pago das tarifas correspondentes segundo a Ordenanza Fiscal vixente. Para constituírse un grupo será necesario un mínimo de 6 persoas inscritas; en caso contrario facilitaranse outros horarios ás persoas solicitantes.
3. Lugar de presentación das solicitudes: A través da web da Concellaría de Deportes (www.coruna.es/deportes) ou nas oficinas do Campo Municipal de Golf Torre de Hércules. Serán tramitadas on line.
4. Idade das persoas solicitantes: A idade mínima para participar nos cursos é de 6 anos. Deberá terse cumprida -ou cumprir- a idade requirida durante o desenvolvemento do curso (infantil: de 6 a 16 anos; adultos: de 17 anos en diante).
5. Número de cursos por persoa: Cada persoa poderá solicitar un máximo de dous cursos, pero só se poderá matricular nun único curso.
6. A presentación da solicitude implica declarar que son certos os datos achegados. No caso que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa no curso, sen dereito á devolución das taxas aboadas.
7. Publicación da información relativa aos cursos: Os cursos e sucesivas fases do procedemento publicaranse nos taboleiros de anuncios dos centros deportivos municipais, na páxina web citada e no teléfono de información cidadá 010.
8. **Criterios de selección dos solicitantes:** Terán preferencia, en primeiro lugar, as persoas empadroadas no Concello da Coruña e, en segundo lugar, quen non realizasen ningún curso de iniciación ao golf no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules. Naqueles cursos nos que a demanda sexa maior que a oferta, procederase a asignar as prazas a partir da letra do primeiro apelido, conforme ao sorteo público. A estes efectos aclárase que as preposicións -e calquera partícula en xeral- que acompañen a un apelido non forman parte do mesmo.

9. **Documentación para a matrícula:** No momento de formalizar a matrícula deberá presentarse: fotocopia do DNI (desde os 14 anos); Libro de Familia e DNI do pai/nai ou titor/a legal para menores de 14 anos. En todo caso, os menores de idade e quen dependa dunha tutela deberán achegar a fotocopia do D.N.I. de quen a ostente e documento legal que a acredite.
10. O/a alumno/a e no seu caso, o seu titor/para fará constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva, realizándose o oportuno recoñecemento médico. No suposto de padecer algún tipo de discapacidade ou existir calquera outra cuestión relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegarse informe clínico dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.
11. Serán de aplicación as normas de uso das “Instalacións Deportivas Municipais, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades” aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
12. O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
13. De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte dos ficheiros denominados:
 - INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, de cuxo tratamento será responsable o Concello da Coruña e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nas mesmas e do uso de instalacións. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Prz. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.
 - CAMPO DE GOLF TORRE DE HÉRCULES, do que será responsable do tratamento ORTO PARQUE E XARDÍNS, S.L. e SIDECU, S.L. U.T.E., cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións do campo de golf Torre de Hércules, das actividades impartidas nas mesmas e do uso das súas instalacións. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante a Dirección do campo de golf Torre de Hércules nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.
14. Así mesmo infórmase que se publicarán a través do portal web municipal as listas de solicitantes dos cursos ofertados, listas definitivas e uso de instalacións. Coa sinatura da solicitude autorízase a tomar imaxes das actividades que se realicen sempre que se utilicen para a promoción e difusión das mesmas, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes.
15. Calquera outra notificación relativa ao presente curso como vacacións, suspensión de clases e outras necesidades do Servizo farase a través dos taboleiros de anuncios referidos e na páxina web da Concellaría de Deportes.

A Coruña, 16 de novembro de 2018

O Concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento

José Manuel Sande García

Anexo I Cursos referidos a cláusula 1 e 2

Cursos de iniciación ao Golf 1º Trimestre xaneiro-febreiro-marzo de 2018

- **Presentación das solicitudes:** as solicitudes para participar nos cursos poderán presentarse dende as 08:00h. do día seguinte da publicación na web do Concello da Coruña www.coruna.gal/deportes ao 14 de decembro de 2017 as 14:00h. ambos os dous inclusive.
- **Listaxe provisional de solicitantes:** publicarase a partir do día 15 de decembro de 2017 na páxina web da Concellaría de Deportes e no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.
- **Subsanación de erros:** abrirase un prazo de corrección a partir da data de publicación das listaxes provisionais para que se poidan formular alegacións no prazo de 5 días naturais. As mesmas presentaranse no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.
- **Sorteo público:** que terá lugar o 21 de decembro de 2017 ás 09:00 nas oficinas do Palacio Municipal de Riazor.
- **Listaxes definitivas:** publicaranse a partir do 22 de decembro de 2015.
- **Matrícula:** No Campo Municipal de Golf Torre de Hércules dende do 23 ao 27 de decembro de 2017.

Infantil: de 6 a 16 anos. Adultos: de 17 anos en diante.

GRUPO	NIVEL	DÍAS	HORARIO	PRAZAS
ADULTOS	INICIACIÓN	LUNS E XOVES	09:30 a 10:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	LUNS E XOVES	10:30 a 11:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	LUNS E XOVES	12:30 a 13:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	LUNS E XOVES	19:30 a 20:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	LUNS E XOVES	20:30 a 21:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	MARTES E VENRES	09:30 a 10:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	MARTES E VENRES	10:30 a 11:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	MARTES E VENRES	12:30 a 13:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	MARTES E VENRES	19:30 a 20:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	MARTES E VENRES	20:30 a 21:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	SÁBADO E DOMINGO	09:30 a 10:30	8
ADULTOS	INICIACIÓN	SÁBADO E DOMINGO	10:30 a 11:30	8
INFANTIL	INICIACIÓN	LUNS E XOVES	18:00 a 19:00	8
INFANTIL	INICIACIÓN	MARTES E VENRES	18:00 a 19:00	8
INFANTIL	INICIACIÓN	SÁBADO E DOMINGO	11:30 a 12:30	8
INFANTIL	INICIACIÓN	SÁBADO E DOMINGO	12:30 a 13:30	8